



| Guía Docente | | | | |
|-----------------------|---|--------------------|-------------------|----------|
| Datos Identificativos | | | | 2024/25 |
| Asignatura (*) | Ortopodoloxía Clínica | Código | 750G02118 | |
| Titulación | | | | |
| Descritores | | | | |
| Ciclo | Período | Curso | Tipo | Créditos |
| Grao | 1º cuatrimestre | Terceiro | Obrigatoria | 6 |
| Idioma | CastelánGalego | | | |
| Modalidade docente | Presencial | | | |
| Prerrequisitos | | | | |
| Departamento | Ciencias da Saúde | | | |
| Coordinación | Santalla Borreiros, Fátima | Correo electrónico | f.santalla@udc.es | |
| Profesorado | Santalla Borreiros, Fátima | Correo electrónico | f.santalla@udc.es | |
| Web | campusvirtual.udc.gal/ | | | |
| Descrición xeral | A materia abordará as indicacións e contraindicacións na aplicación de próteses e orteses na extremidade inferior. Estudaranse o deseño, obtención e aplicación de próteses e orteses para as alteracións do pé mediante diferentes técnicas e materiais. Ademais, aprenderase a deseñar o plan de tratamento ortopodolóxico para a patoloxía da extremidade inferior. Estes contidos teórico-prácticos aplicaranse nas primeiras prácticas clínicas no servizo de Patomecánica e Ortopodoloxía da Clínica Universitaria de Podoloxía da UDC (CUP). | | | |

| Competencias / Resultados do título | |
|-------------------------------------|-------------------------------------|
| Código | Competencias / Resultados do título |

| Resultados da aprendizaxe | | | |
|--|-------------------------------------|------------|------------------|
| Resultados de aprendizaxe | Competencias / Resultados do título | | |
| Coñecer os diferentes plans de tratamento ortopodolóxico e ortoprotésico do membro inferior | A103 A105 | B24 B28 | C9 C13 C16 |
| Coñecer e realizar a prescripción dos tratamentos ortopodolóxicos e ortoprotésicos da extremidade inferior. | A110 | B30 | C9 C15 |
| Aplicar á asistencia clínica os conceptos necesarios para o estudo e diagnóstico da patomecánica do pé e a confección dos seus tratamentos ortopodolóxicos | A104 A106 | B32 B39 | C15 |

| Contidos | |
|--|---|
| Temas | Subtemas |
| BLOQUE 1. Conceptos necesarios no estudo e diagnóstico das patoloxías podolóxicas susceptibles de tratamento ortopodolóxico. | Fundamentos clave no estudo e diagnóstico das patoloxías podolóxicas susceptibles de tratamento ortopodolóxico. Efectos do tratamento ortopodolóxico nas estruturas anatómicas do membro inferior. Selección de elementos, axustes e materiais específicos. |
| BLOQUE 2. Tratamento protésico das amputacións do membro inferior. | Próteses para amputación total e parcial do pé. Próteses para a amputación transtibial. Próteses para a desraticulación de xeonllo. Próteses para a amputación femoral. Próteses para a desarticulación de cadeira/hemipelvectomía. |
| BLOQUE 3. Órteses e axudas para a marcha. Tratamento ortopodolóxico das lesións neurolóxicas. | Patoloxía neurolóxica susceptible de tratamento ortésico do membro inferior. Órteses para a marcha. Axudas para a marcha e cadeiras de rodas. |



| | |
|---|--|
| <p>BLOQUE 4.</p> <p>Plans de tratamento ortopodolóxico e ortoprotésico da patoloxía do membro inferior con repercusión no pé.</p> <p>Tratamento ortopodolóxico das deformidades conxénitas.</p> <p>Tratamento ortopodolóxico das asimetrías do membro inferior.</p> <p>Tratamento ortopodolóxico das patoloxías podolóxicas infantil e xeriátrica.</p> | <p>Plans de tratamento ortopodolóxico e ortoprotésico para a patoloxía do pé.</p> <p>Tratamentos Ortopodolóxicos e Ortoprotésicos Específicos.</p> <p>Casos clínicos.</p> <p>Aplicación Clínica.</p> |
|---|--|

| Planificación | | | | |
|------------------------|--|---|-------------------------|--------------|
| Metodoloxías / probas | Competencias / Resultados | Horas lectivas (presenciais e virtuais) | Horas traballo autónomo | Horas totais |
| Sesión maxistral | A105 A106 A110 B28 C16 | 14 | 28 | 42 |
| Seminario | A104 A103 B39 B24 C15 | 7 | 14 | 21 |
| Prácticas clínicas | A103 A104 A105 A106 B30 B32 B39 C9 C13 C15 | 27 | 27 | 54 |
| Traballos tutelados | A105 B39 C9 C15 C16 | 0 | 13 | 13 |
| Proba obxectiva | A103 A105 A106 A110 B28 | 2 | 15 | 17 |
| Atención personalizada | | 3 | 0 | 3 |

**Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado*

| Metodoloxías | |
|---------------------|--|
| Metodoloxías | Descrición |
| Sesión maxistral | Nesta metodoloxía desenvólvese a docencia expositiva da materia. Os contidos teóricos da materia serán impartidos mediante clases expositivas, apoiadas por medios audiovisuais, imaxes e vídeos. As sesións terán un enfoque participativo, incentivando a interacción e a discusión por parte do alumnado para mellorar a comprensión dos temas tratados. |
| Seminario | Modalidade formativa orientada á aplicación de aprendizaxes onde se combinarán diversas metodoloxías e probas, como prácticas guiadas, exposicións, simulacións, debates e solución de problemas. Esta metodoloxía permite ao alumnado reforzar os seus coñecementos teóricos co apoio e supervisión do profesorado. Ademais, levaranse a cabo actividades sobre os dereitos humanos, a xustiza social e a participación cidadá, con especial atención á Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sustentable a través de Aprendizaxe Servizo. Ó comezo do curso, fixaranse as datas e os grupos dos diferentes seminarios. |
| Prácticas clínicas | Nas prácticas clínicas, o alumnado deberá aplicar os contidos teóricos da materia mediante actividades individuais ou en grupo. As prácticas inclúen simulacións clínicas na Facultade e interacción con pacientes reais na Clínica Universitaria de Podoloxía (CUP). Ademais, levaranse a cabo actividades sobre os dereitos humanos, a xustiza social e a participación cidadá, con especial atención á Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sustentable a través de Aprendizaxe Servizo. Ó comezo do curso, estableceranse as datas, os grupos, as instalacións onde se realizarán as prácticas e o material e a indumentaria necesarios. |
| Traballos tutelados | O alumnado desenvolverá un traballo obrigatorio en grupo sobre un plan de tratamento ortopodolóxico. Este traballo será supervisado polo profesorado para garantir o cumprimento dos obxectivos de aprendizaxe e a aplicación correcta dos conceptos teóricos e prácticos. Os resultados dos traballos serán finalmente expostos. |
| Proba obxectiva | A proba obxectiva avaliará os contidos expostos nas sesións maxistras, seminarios e prácticas clínicas. Esta proba permitirá medir o grao de comprensión e aplicación dos coñecementos adquiridos polo alumnado ao longo do curso. |



Atención personalizada

| Metodoloxías | Descrición |
|---|--|
| Sesión maxistral Seminario Traballos tutelados Proba obxectiva | A atención personalizada realizarase de forma presencial ou virtual a través do correo electrónico ou Teams, programada previamente coa profesora. |

Avaliación

| Metodoloxías | Competencias / Resultados | Descrición | Cualificación |
|---------------------|--|---|---------------|
| Seminario | A104 A103 B39 B24 C15 | Avaliarase a asistencia e participación activa do alumnado nas actividades dos seminarios. A asistencia non é obrigatoria para superar a materia, pero si é avaliabile. O alumnado que non asista aos seminarios non poderá entregar as tarefas establecidas nos mesmos. Non se pode xustificar a falta de asistencia xa que non son recuperables. | 10 |
| Prácticas clínicas | A103 A104 A105 A106 B30 B32 B39 C9 C13 C15 | ASISTENCIA A asistencia á totalidade das prácticas clínicas é obrigatoria para superar a materia. Avaliarase a presencialidade e a participación activa do alumnado, así como a puntualidade e a actitude durante as sesións. Cada falta nestes aspectos será penalizada na nota final das prácticas. Ao comezo do curso, elaborárase un calendario de prácticas por grupo. A asistencia e a participación activa con aproveitamento das prácticas serán avaliadas cun total de 1 punto. PROBA PRÁCTICA Realizarase unha proba práctica final que consistirá na simulación dun caso clínico no que o alumnado deberá demostrar os coñecementos mínimos necesarios para a súa resolución. Isto incluírá a elaboración dun plan de tratamento xustificado e a fabricación do tratamento ortopedolóxico indicado. A proba práctica terá un valor máximo de 1 punto. É necesario obter, polo menos, un 50% da cualificación total de cada parte (asistencia e proba práctica) para superar a materia. | 20 |
| Traballos tutelados | A105 B39 C9 C15 C16 | Avaliarase o interese do tema, a procura bibliográfica e a estrutura e contido do traballo. Ao comezo do curso, fíxase a data límite de entrega dos traballos e o modo e data de exposición dos resultados. É necesario obter, polo menos, un 50% da cualificación total desta metodoloxía para superar a materia. | 10 |
| Proba obxectiva | A103 A105 A106 A110 B28 | A proba obxectiva abranguerá a totalidade dos contidos da materia, incluíndo os desenvolvidos nas sesións maxistras, seminarios, prácticas clínicas e exposicións dos traballos tutelados. É necesario obter, polo menos, un 50% da cualificación total da proba obxectiva para superar a materia. Quince días antes da proba, facilitaranse ao alumnado as indicacións, tipo de preguntas e puntuación das mesmas. | 60 |

Observacións avaliación



Requisitos para Superar la Materia

Prácticas Clínicas:

- Asistencia obrigatória a todas as prácticas clínicas.
- A falta de asistencia injustificada a qualquer práctica resultará na suspensión da materia. O alumnado debe informar ao docente por correo electrónico o antes posible e nunca máis tarde do día da práctica, presentando un xustificante nun prazo de 7 días (*ver xustificación de falta de asistencia). Non avisar ou non presentar o xustificante no prazo establecido suporá a suspensión das prácticas clínicas.
- Avaliarase a presencialidade e participación activa cun total de 1 punto. É necesario obter polo menos un 50% da cualificación total para aprobar a materia.

Proba Práctica:

- Consistirá na simulación dun caso clínico, onde o alumnado deberá demostrar os coñecementos mínimos necesarios, incluíndo a elaboración dun plan de tratamento xustificado e a fabricación do tratamento ortopodolóxico indicado.
- A proba práctica terá un valor máximo de 1 punto. É necesario obter polo menos un 50% da cualificación total para aprobar a materia.

Traballos Tutelados:

- Realización do traballo tutelado de acordo coas pautas do profesorado.
- É necesario obter polo menos un 50% da cualificación total do traballo tutelado.

Proba Obxectiva:

- Superar a proba obxectiva cun 50% da cualificación total.

Para aprobar a materia, é necesario que a suma de todas as metodoloxías alcance un 50% da cualificación total da materia.

Xustificación de Faltas de Asistencia:

A falta de asistencia ás prácticas clínicas, actividades obrigatorias ou probas de avaliación só estará xustificada polas seguintes causas:

- o Enfermidade ou lesión que incapacite para a realización da práctica ou proba (xustificante médico).
- o Falecemento dun familiar ata o terceiro grao (xustificado).
- o Citación xudicial.
- o Asistencia como membro a sesións de órganos colegiados da UDC.
- o Participación en competicións deportivas como deportista de alto nivel ou en representación da UDC.
- o Asistencia a mobilizacións estudiantís (segundo a normativa da UDC).

Matrícula de Honra:

O alumnado con nota igual ou superior a 9 poderá optar á matrícula de honra. En caso de empate, priorizarase a nota máis alta nas seguintes metodoloxías por orde: proba obxectiva, proba práctica, traballo tutelado, seminarios e prácticas clínicas.

Non Presentado:

O alumnado que non curse ou participe en ningunha das metodoloxías de avaliación será cualificado como "NON PRESENTADO".

?Todos os aspectos relacionados con ?dispensa académica?, ?dedicación ao estudo?, ?permanencia? e ?fraude académica? rexeranse de acordo coa normativa académica vixente da UDC.?

Matrícula Parcial:

A asistencia aos seminarios pode ser substituída por un traballo acordado coa profesora. A asistencia ás prácticas clínicas é obrigatoria. É necesario obter un 50% da cualificación global da materia e superar un 50% en cada parte: proba obxectiva, prácticas clínicas, proba práctica e traballo tutelado. O alumnado debe informar ao profesor desta situación ao inicio das clases e non máis tarde de 15 días despois do seu inicio. Ademais, o alumnado debe informar á profesora se quere acollerse á realización dun traballo en substitución dos seminarios.

Dispensa:

O traballo tutelado pode facerse individualmente e a asistencia aos seminarios pode ser substituída por un traballo acordado coa profesora. A asistencia ás prácticas clínicas é obrigatoria. É necesario obter un 50% da cualificación global da materia e superar un 50% en cada parte: proba obxectiva, prácticas clínicas, proba práctica e traballo tutelado. O alumnado debe informar ao profesor desta situación ao inicio das clases e non máis tarde de 15 días despois do seu inicio. O alumno/a debe informar á profesora se se acolle á opción de facer o traballo individual e á realización dun traballo en substitución dos seminarios.

Oportunidade Adiantada:

Os criterios de avaliación serán os mesmos que para o resto das convocatorias, segundo o tipo de matrícula do estudante.

2ª e Posteriores Oportunidades:

O alumnado que se presente á 2ª ou posteriores oportunidades conservará as notas da proba práctica, seminarios e traballos tutelados durante dous cursos, sempre que participe e supere as diferentes actividades.



Fontes de información

| | |
|------------------------------------|--|
| Bibliografía básica | <ul style="list-style-type: none"> - Kirby, K. (2012). Biomecánica del Pie y la Extremidad Inferior, 3 Vols.. Payson:Autor-editor - Kirby, K. (2016). Biomecánica del pie y la extremidad inferior, Vol. IV: Artículos de precision Intricast. Payson:Autor-editor - Kirby, K. (2019). Biomecánica del Pie y la Extremidad Inferior V : Artículos de Precisión Intricast, 2014-2018. Payson, Arizona : Precision Intricast - Viosca Herrero, Enrique (2004). Guía de uso y prescripción de productos ortoprotésicos a medida. Valencia: Instituto de Biomecánica de Valencia (IBV) - Oriol Cohí, Lluís Ximeno (2011). Actualizaciones en técnica ortopédica. Barcelona: Masson - Webster, Joseph B, Murphy, Douglas (2019). Atlas of orthoses and assistive devices.5th Edition. Elsevier - Lusardi, Michelle M. (2020). Orthotics and prosthetics in rehabilitation. Elsevier - William R. Ledoux, Scott Telfer. (2023). Foot and Ankle Biomechanics. Elsevier. Academics Press - Angel Manuel Orejana Garcia, Francisco Pérez Monzó (2018). Modelo de estrés de tejidos. Aplicaciones clínicas en la patología del pie. Revista Española de Podología |
| Bibliografía complementaria | |

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Patoloxía Podolóxica I/750G02119
 Ortopodoloxía II/750G02116
 Ortesiología Dixital e Calzadoterapia /750G02117
 Biomecánica do Membro Inferior/750G02111
 Podoloxía xeral /750G02110
 Ortopodoloxía I/750G02115

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Patoloxía Podolóxica II/750G02120

Materias que continúan o temario

Prácticum II/750G02135
 Prácticum III/750G02136
 Prácticum I/750G02134

Observacións

MATERIAL DOCENTE: Todo o material utilizado na aula, así como o dispoñíbel no campus Virtual e TEAMS da materia, está protegido pola Lei de Propiedade Intelectual (Real Decreto Lexislativo 1/1996, do 12 de abril, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Propiedade Intelectual). Este material está dispoñible exclusivamente para uso persoal dos estudantes matriculados na materia. Calquera extracción destes materiais para distribuílos entre terceiros por calquera medio (fotocopiadoras, correo electrónico, páxinas web, etc.) constitúe un acto ilícito suxeito a medidas legais e disciplinarias segundo o Regulamento Disciplinar do Estudantado da Universidade da Coruña, así como unha infracción grave ou moi grave da Lei de Propiedade Intelectual.

SUSTENTABILIDADE: Para contribuír a un entorno sustentábel e cumprir co obxectivo da acción número 5 do "Plan de Acción Green Campus Ferrol", relativa a "Docencia e investigación saudable e sustentable ambiental e social", establecemos as seguintes directrices: A entrega dos traballos documentais realizarase preferiblemente en formato virtual e/ou soporte informático. Utilizarase o Campus Virtual como plataforma principal para a presentación dos traballos en formato dixital, evitando así a impresión en papel. Comprometémonos a facer un uso sostible dos recursos e a prever impactos negativos sobre o medio natural.

PERSPECTIVA DE XÉNERO: Seguindo as normativas aplicables á docencia universitaria, é obrigatorio incorporar a perspectiva de xénero nesta materia. As medidas a adoptar inclúen: Utilización de linguaxe non sexista e elección de bibliografía que conte con autores/as de ambos sexos. Promoción da participación igualitaria de alumnos e alumnas nas actividades en clase. Identificación e abordaxe de prexuízos e actitudes sexistas, influíndo no entorno para promover valores de respecto e igualdade. Detección de situacións de discriminación por razón de xénero e proposta de accións para a súa corrección.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías

